

TriviGal 2024

Bases do III TriviGal, competición de trivial en galego

A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Veterinaria da USC, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística, convoca a III partida TriviGal de trivial en galego, que se desenvolverá de acordo coas seguintes regras:

1. O xogo

- Ten lugar sobre un taboleiro con forma de roda con raios, que conta con 73 casas:
 - 60 corresponden a cada unha das 6 categorías temáticas
 - ciencia (cor verde)
 - xeografía (cor azul)
 - deporte (cor laranxa)
 - arte e literatura (cor marrón)
 - espectáculos (cor fucsia)
 - Lugo (cor amarela)
 - 12 correspondentes á acción “Volver tirar”
 - 1 casa central
- O obxectivo principal dos participantes é conseguir os 6 anacos de cor e responder á pregunta final para gañar a partida.

2. Participantes

- Poderán participar un máximo de 6 equipos.
- Cada equipo estará formado por entre 2 e 4 persoas, que deben pertencer á comunidade universitaria do Campus de Lugo.
- Os equipos seleccionaranse por orde de inscrición, e elaborárase unha lista de agarda para poder cubrir posibles renuncias a participar.

3. A partida

- O xogo comeza coa ficha de cada equipo na casa central do taboleiro. Comeza a xogar o equipo que consiga a tirada de dado máis alta na primeira rolda de lanzamentos. A continuación, a quenda móvese no sentido das agullas do reloxo. Se dous equipos empatan para a tirada máis alta, teñen que volver tirar.
- Desde a casa central e seguindo a orde de inicio indicada, cada equipo irá tirando o dado e movendo a súa ficha tantas casas como este indique, cara a adiante ou cara a atrás nos raios do taboleiro, e cara aos lados na circunferencia externa, sen poder cambiar de sentido no medio da tirada.

- Cada vez que unha ficha cae nunha casa de cor, o equipo debe responder á pregunta da categoría correspondente, nun tempo máximo de 30 segundos.
 - Se responde de maneira incorrecta, a quenda de xogo pasa ao equipo seguinte.
 - Se acerta a pregunta desde unha das casas situadas no extremo de cada raio, o equipo gaña o anaco da cor correspondente á categoría da pregunta acertada, colócaa no interior da súa ficha, e cédelle a quenda ao equipo seguinte.
 - Se acerta a pregunta desde calquera outra casa de cor, o equipo pode volver tirar o dado e continuar a súa quenda.
- Ao caer nunha casa de “Volver tirar”, o equipo repite a tirada ata que caia nunha casa de cor.

4. Fin da partida

- Gaña a partida o equipo que acada os 6 anacos de cores e, despois de caer na casa central, acerta unha pregunta dunha categoría elixida polos outros equipos. Se falla esa pregunta, o equipo perde a súa quenda e o xogo continúa.

5. Como participar

- Os equipos que queiran participar deben inscribirse [neste formulario](#). A inscrición realizaraa unha única persoa, quen deberá inscribir tamén os outros membros do equipo, empregando o cuestionario “Información equipo TriviGal” que aparece na parte inferior dereita da xanela de inscrición.
- A aceptación dos equipos realizarase por orde de inscrición.

6. Premios e agasallos

- O equipo gañador recibirá un premio consistente nunha cesta de produtos galegos e un exemplar do xogo de mesa [Ti non es de aquí?](#)
- Cada participante recibirá un agasallo proporcionado pola campaña [#BenVida USC](#).

7. A Comisión de Normalización Lingüística da Fac. de Veterinaria, en tanto entidade organizadora, pode levar adiante aqueles cambios que considere axeitados para o mellor desenvolvemento da competición. Todos os cambios que se decidan comunicaranse no [web](#) de TriviGal.

8. A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.